

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15012730	IES Camilo José Cela	Padrón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Economía	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	22
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	24
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	26

1. Introducción

Contexto:

O IES Camilo José Cela é un centro de ensino secundario de longa tradición na bisbarra de Sar, xa que foi o primeiro centro que impartiu ensino secundario na comarca e a súa contorna. A fundación do centro remóntase á década de 1970, en tempos aínda do réxime franquista, e nas súas aulas formáronse en coñecementos e en valores moitas xeracións de cidadáns de Padrón e da súa contorna.

O IES Camilo José Cela está situado no centro urbano da vila de Padrón, que conta con máis de 8000 habitantes e que é a cabeza dunha bisbarra de máis de 15 000 residentes no concello e nos limítrofes de Rois e Dodro. Estamos nunha zona predominantemente rural, pero que conta cos servizos e dotacións propios das zonas limítrofes coas áreas urbanas de referencia, Santiago e Pontevedra.

No IES Camilo José Cela cursa estudos cada ano unha media de alumnado que oscila entre 230 e 270 mozos e mozas de entre 12 e 18 anos. No curso 2022-2023, hai un número total de 245 matriculados/as: 118 homes (48%) e 127 mulleres (52%).

O alumnado do IES Camilo José Cela procede, nos cursos da ESO, na súa maioría do CEIP Flavia (centro adscrito), aínda que tamén se matriculan alumnos e alumnas procedentes do outro colexio do casco urbano, o CEIP Rosalía de Castro. Nos cursos de Bacharelato, aínda que tamén en cursos de ESO, é onde máis se manifesta a presenza de mozos e mozas que proveñen dos concellos veciños, pois acoden a completar os seus estudos desde os CPI próximos de Dodro, Rois ou Cesures.

O alumnado que cursa os seus estudos no IES Camilo José Cela é bastante homoxéneo socioculturalmente. É de procedencia maioritariamente rural e dun nivel sociocultural medio. A inmensa maioría procede do concello ou concellos da bisbarra e, nos últimos anos, hai un moi pequeno número de alumnos e alumnas que proceden doutros países, como Venezuela ou Romanía.

En canto ás familias do centro, é destacable que a gran maioría manteñen unha estrutura de familia tradicional: o 67% das familias conviven os dous proxenitores cos fillos e fillas, mentres que o 31% son fogares en que os proxenitores están separados ou conviven con outra parella. O 2% restante son familias monoparentais.

Tendo en conta o contexto aludido, apréciase que predomina o medio rural ou rural-urbano, próximo ás zonas de influencia de dúas importantes áreas urbanas. A presenza da economía rural como apoio aos fogares é unha característica moi destacada do tecido social da nosa zona.

Como aspectos relevantes, podemos mencionar que o noso alumnado posúe un contorno familiar e social relativamente sólido en termos xerais, con familias predominantemente tradicionais en que están presentes en moitos casos os maiores como parte integrante do núcleo familiar e con peso nos afectos e relacións dos/as menores.

En canto ao profesorado, no presente curso hai de 31 profesores e profesoras, dos que 20 son mulleres e 11 son homes. 24 destas persoas teñen destino definitivo no centro (77,4%), mentres que 7 teñen destino provisional (22,6%) e unha profesora é itinerante, compartindo centro co veciño IES Macías o Namorado.

A materia de Economía de 1º de Bacharelato:

Coa implantación da LOMCE a materia de Economía comenza a impartirse en 4º de ESO e polo tanto o obxectivo en 1º de Bacharelato é profundizar nos contidos, tratados de forma máis xeral na etapa anterior.

Normalmente os cursos nos que se imparte esta materia son pouco numerosos xa que é unha materia optativa na que están interesados aqueles alumnos que teñen en mente facer na Universidade Administración de Empresas ou Económicas.

A materia de Economía de 1º de Bacharelato emprega un esquema mixto de presentación, herdado de deseños curriculares anteriores e baseado principalmente na análise da economía como ciencia, do papel dos axentes económicos e do funcionamento das principais institucións económicas e os seus elementos.

A grande trascendencia social da economía queda reflectida na súa contribución ó fomento da mellora na calidade de vida, ó progreso e ó benestar social. Os coñecementos económicos teñen cada día máis valor, pola importancia de contar cunha cidadanía formada e pola relevancia dunha boa administración dos recursos públicos.

A nova lei de Educación, a LOMLOE, non introduce cambios na materia. Recoñece o papel desta para lograr que os alumnos se formen como cidadáns conscientes da importancia da actividade económica para lograr o benestar social. Ten como obxectivos que adquiran coñecementos teóricos que lles permitan analizar a situación económica, comprender os retos económicos que se presentan na actualidade, valorar as solucións propostas para afrontar os problemas económicos, facer un uso responsable dos recursos e tamén adquirir capacidade emprendedora.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar o problema da escaseza e a importancia de adoptar decisións no ámbito económico, analizando a súa repercusión nos distintos sectores e comparando solucións alternativas que ofrecen os diferentes sistemas para comprender o funcionamento da realidade económica.	2		2		40-50		1-2	
OBX2 - Recoñecer e comprender o funcionamento do mercado, analizando os seus fallos, para estudar a repercusión destes na contorna e facilitar a toma de decisións no ámbito económico.	2-3		2		40	3	1-2	
OBX3 - Distinguir e valorar o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda recoñecendo, con sentido crítico, os beneficios e os custos que xera, para determinar como se produce o desenvolvemento económico e a súa relación co benestar da sociedade.	2-3				40-50	3-4	1-2	
OBX4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento para planificar e xestionar con responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	2-3			4	12-40-50		1-2	
OBX5 - Identificar e valorar os retos e os desafíos aos que se enfrenta a economía actual, analizando o impacto da globalización económica, a nova economía e a revolución dixital para propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade.	2-3		4	5	12-40-50		1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Analizar os problemas económicos actuais mediante o estudo de casos, a investigación e a experimentación, utilizando ferramentas da análise económica e tendo en conta os factores que condicionan as decisións dos axentes económicos, para facilitar a comprensión deses problemas e expor solucións innovadoras e sostibles que respondan a necesidades individuais e colectivas.	3		2		50	3-4	1-2-3	

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A actividade económica	Relación entre economía e escaseza. A teoría das necesidades de Maslow. Factores de produción e axentes económicos. Calsificación dos bens. O custo de oportunidade. O fluxo circular da renda. Economía positiva e normativa. Macroeconomía e microeconomía. Teoría de xogos. O dilema do prisioneiro.	3	5	X		
2	Os sistemas económicos	Sistema escravista, sistema feudal, mercantilismo, fisiocracia, capitalismo, comunismo e sistema económico mixto. Teóricos e rasgos característicos.	10	10	X		
3	Os factores de produción	Concepto e tipos. Poboación activa e inactiva, ocupada e desempregada. Taxa de desemprego, actividade e dependencia. Cálculo. Factor capital: clasificación. Concepto e cálculo da amortización. A fronteira de posibilidades de produción: concepto e representación gráfica.	5	10	X		
4	A empresa. Produción, ingresos e custos	O concepto de tecnoloxía. Valoración de tecnoloxías: eficiencia técnica e económica. As isocuantas. O concepto de produtividade. Produtividade media, global e marxinal. Cálculo. A lei dos rendementos decrecentes e os rendementos a escala. Custos de produción: concepto, clasificación, cálculo e representación gráfica. Ingresos e beneficios: conceptos e cálculo. Punto morto: concepto, cálculo, interpretación e representación gráfica. O patrimonio empresarial: concepto, elaboración de balances. A conta de	15	20	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	A empresa. Producción, ingresos e custos	resultados. concepto, tipos de resultados, elaboración.	15	20	X		
5	O mercado: oferta e demanda	Concepto de mercado. Elementos do mercado. A demanda: concepto; factores que lle afectan; función e curva de demanda (representación gráfica); movementos e desprazamentos da curva de demanda (representación gráfica); elasticidade de demanda (concepto, tipos e cálculo). A oferta: concepto; factores que lle afectan; función e curva de oferta (representación gráfica); movementos e desprazamentos da curva de oferta (representación gráfica); elasticidade de oferta: concepto, tipos e cálculo. O equilibrio do mercado: concepto, representación gráfica e cálculo.	5	10		X	
6	Tipos de mercados	Elementos comparativos. Barreiras de entrada. Tipos e características: competencia perfecta, monopolio, oligopolio, competencia monopolística.	5	10		X	
7	A retribución dos factores produtivos	Diferencia entre crecemento e desenvolvemento económico. Fontes principais de crecemento económico a longo prazo. Causas do subdesenvolvemento. Criterios de distribución da renda. O prezo dos factores produtivos: a renda da terra, o salario, o xuro do capital e o beneficio do empresario.	2	5		X	
8	Macromagnitudes	Concepto de macroeconomía e macromagnitudes. A inflación: concepto, efectos, tipos, cálculo do IPC e da taxa de inflación. PIB: concepto; PIB nominal e real; o deflador do PIB (concepto e cálculo). O PNB, a renda nacional e a renda per cápita: conceptos e métodos de cálculo. O desemprego: tipos e cálculo da taxa de paro. Renda, aforro, consumo e investimento.	15	15		X	
9	Os cartos	O troco: concepto e inconvenientes. Os cartos: concepto, tipos, características e funcións. O sistema financeiro e bancario. Os intermediarios financeiros: concepto e tipos. O sistema financeiro español. As funcións do Banco de España. Os activos financeiros: concepto, tipos e valoración. A base monetaria: concepto, cálculo e instrumentos de control. A oferta monetaria: concepto e cálculo. Valor dos cartos e demanda monetaria. O proceso de creación dos cartos: o multiplicador dos depósitos bancarios. As contas asociadas ós depósitos bancarios. Os medios de pago. Os mercados de valores e os índices	15	15		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Os cartos	bursátiles.	15	15		X	
10	O sector público e a política económica	O debate sobre a intervención do sector público na economía. Obxectivos económicos da intervención do Estado na economía. A política económica: concepto; compoñentes; a política fiscal expansiva e restritiva; a política monetaria expansiva e restritiva.	5	10			X
11	Os Orzamentos Xerais do Estado	Concepto, proceso de elaboración e aprobación. O gasto público: concepto e clasificación. Os ingresos públicos: concepto e clasificación. Conceptos tributarios básicos. IVA e IRPF. Situacións orzamentarias: equilibrio, déficit e superávit. A débeda pública: concepto e financiación.	5	10			X
12	O comercio internacional	A economía internacional: concepto e compoñentes. Conceptos de comercio internacional e división internacional do traballo. Proteccionismo e librecambismo. Vantaxe absoluta e comparativa. Política comercial: concepto; políticas comerciais para o fomento das exportacións. Políticas comerciais para a restrición das importacións: barreiras arancelarias e non arancelarias. Aranceis: concepto, tipos e cálculo. Áreas de integración económica rexionais: concepto e tipos. Sistemas monetarios. concepto e tipos.	10	10			X
13	A balanza de pagos	Concepto, utilidade e compoñentes. A balanza por conta corrente, a balanza por conta do capital, a balanza por conta financeira. Elaboración. O mercado de divisas: concepto, tipo de cambio, sistemas de tipo de cambio.	5	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A actividade económica	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender o problema da escaseza, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Saber relacionar economía e escaseza e explicar a teoría das necesidades de Maslow. Diferenciar entre economía positiva e normativa e entre macroeconomía e microeconomía.	PE	100
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Comprender o concepto de custo de oportunidade e saber exemplificalo.		
CA1.5 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico, o benestar social e a redución da pobreza valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Comprender os conceptos de factores de produción e axentes económicos. Saber explicar o fluxo circular da renda.		
CA1.6 - Comprender a organización dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Saber esquematizar e describir o fluxo circular da renda.		
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Saber comentar e analizar documentos de carácter económico.		
CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Coñecer a clasificación dos bens. Valorar os efectos económicos do custo de oportunidade.		
CA4.2 - Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento e os seus efectos no conxunto da sociedade.	Saber exemplificar a relación entre economía e escaseza.		
CA4.3 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no estado do benestar e no seu financiamento.	Saber indicar as funcións dos axentes económicos na actividade económica e as relacións que se establecen entre eles.		
CA4.6 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Saber comentar e analizar documentos de carácter económico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A economía, as necesidades, os bens e a escaseza. O contido económico das relacións sociais. Pobreza e escaseza. A modelización como ferramenta para entender as interaccións económicas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza. - Teoría de xogos. O dilema do prisioneiro. Xogos repetidos e equilibrios cooperativos. - Economía do comportamento. Desviacións da racionalidade económica. Decisións económicas e ética. Experimentos ou ensaios económicos. - Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos. - A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento. - Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos.

UD	Título da UD	Duración
2	Os sistemas económicos	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisións adoptadas no ámbito económico, valorando os procesos de integración económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Comprender o concepto de sistema económico. Saber sinalar as preguntas básicas ás que debe responder un sistema económico. Coñecer os elementos que integran un sistema económico.	PE	100
CA1.4 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións segundo os diferentes sistemas económicos.	Coñecer os sistemas económicos fundamentais, identificar os seus rasgos característicos e os teóricos principais.		
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Analizar e comentar documentos dos teóricos dos diferentes sistemas económicos.		
CA2.1 - Valorar a repercusión dos fallos do mercado no eido microeconómico e facilitar o proceso de toma de decisións neste ámbito, recoñecendo e comprendendo o seu funcionamento.	Comparar os diferentes sistemas económicos para ver como responden ás preguntas económicas básicas.		
CA2.3 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións.	Saber indicar os fallos que presentan os sistemas económicos fundamentais (sistema capitalista, autoritario e mixto).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A organización económica e os sistemas económicos; valoración e comparación. - Intercambio e mercado. Tipos e funcionamento dos mercados. Representación gráfica.

Contidos
- A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio.

UD	Título da UD	Duración
3	Os factores de produción	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Entender o funcionamento do mercado laboral e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Comprender o concepto de factores de produción e saber sinalalos. Comprender o concepto de fronteira de posibilidades de produción e saber representala. Comprender o concepto de produtividade e saber calculala. Identificar os diferentes tipos de desemprego e saber calcular a taxa de desemprego.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida.
- Economía laboral. O funcionamento e as tendencias dos mercados de traballo e o impacto dos custos de despedimento. Tipos de desemprego. Efectos e medidas correctoras. A brecha salarial.

UD	Título da UD	Duración
4	A empresa. Produción, ingresos e custos	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Diferenciar os custos e os beneficios xerados no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Comprender os conceptos de tecnoloxía, eficiencia técnica e económica, produtividade, custos de produción, ingresos, beneficios e punto morto. Saber explicar a lei dos rendementos decrecentes e dos rendementos a escala. Comprender o concepto de patrimonio empresarial e identificar os seus elementos.	PE	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Saber calcular a produtividade, os custos de produción, os ingresos e beneficios e o punto morto. Saber representar o punto morto. Saber elaborar balances e contas de resultados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento.

UD	Título da UD	Duración
5	O mercado: oferta e demanda	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar a repercusión dos fallos do mercado no eido microeconómico e facilitar o proceso de toma de decisións neste ámbito, recoñecendo e comprendendo o seu funcionamento.	Identificar os fallos do mercado e as súas consecuencias e relacionalo co desenvolvemento do sistema económico mixto.	PE	100
CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Comprender o concepto de mercado e identificar os seus elementos. Comprender os conceptos de oferta e demanda. Identificar os factores que lle afectan.		
CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Saber describir como se produce a asignación dos recursos nos sistemas capitalistas e mixtos.		
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Saber representar as curvas de oferta, demanda e prezo de equilibrio. Saber calcular a elasticidade e o prezo e cantidade de equilibrio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Intercambio e mercado. Tipos e funcionamento dos mercados. Representación gráfica.

Contidos

- A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio.
- A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento.

UD	Título da UD	Duración
6	Tipos de mercados	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar a repercusión dos fallos do mercado no eido microeconómico e facilitar o proceso de toma de decisións neste ámbito, recoñecendo e comprendendo o seu funcionamento.	Identificar os elementos que permiten comparar os distintos tipos de mercado. Comprender o concepto de barreira de entrada e poñer exemplos.	PE	100
CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Identificar os principais tipos de mercados e explicar as súas características básicas.		
CA2.3 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionado sobre as súas posibles solucións.	Identificar os fallos en cada tipo de mercado e explicar os seus efectos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Intercambio e mercado. Tipos e funcionamento dos mercados. Representación gráfica.

UD	Título da UD	Duración
7	A retribución dos factores produtivos	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Entender o funcionamento do mercado laboral e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Comprender os conceptos de mercado laboral e salario. Identificar os distintos tipos de desemprego. Saber explicar as consecuencias do desemprego.	PE	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Saber comentar documentos referidos á situación económica de diferentes áreas xeográficas.		
CA5.2 - Analizar a escaseza de recursos e a pobreza para comprender os fluxos migratorios identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Identificar as causas do subdesenvolvemento e explicar as súas consecuencias.		
CA5.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen nos retos económicos actuais.	Describir o fluxo circular da renda.		
CA5.4 - Analizar, con sentido crítico, como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social con relación ao desenvolvemento sostible e aos retos económicos actuais. Estudo de casos.	Diferenciar entre crecemento económico e desenvolvemento. Saber explicar as principais fontes para lograr o crecemento económico a longo prazo.		
CA5.5 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e no benestar social.	Comprender os conceptos de renda da terra, salario, xuro e beneficio. Coñecer os criterios de distribución da renda.		
CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Saber calcular a taxa de desemprego.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida. - Economía laboral. O funcionamento e as tendencias dos mercados de traballo e o impacto dos custos de despedimento. Tipos de desemprego. Efectos e medidas correctoras. A brecha salarial. - A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades. - A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución dixital. - Teorías sobre o decrecemento económico.

UD	Título da UD	Duración
8	Macromagnitudes	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Comprender o concepto de macroeconomía e macromagnitude. Identificar as macromagnitudes fundamentais e relacionalas cos axentes económicos.	PE	100
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Establecer comparacións entre diferentes áreas xeográficas empregando as macromagnitudes.		
CA4.6 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Comentar documentos referidos á situación económica de diferentes áreas xeográficas.		
CA5.4 - Analizar, con sentido crítico, como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social con relación ao desenvolvemento sostible e aos retos económicos actuais. Estudo de casos.	Saber utilizar as macromagnitudes para valorar a situación económica de diferentes áreas xeográficas.		
CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Describir medidas que permiten mellorar as macromagnitudes.		
CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Saber calcular o IPC e a taxa de inflación. Saber calcular o PIB e o deflador do PIB. Saber calcular o PNB, a renda nacional e a renda per cápita. Saber calcular a taxa de paro. Diferenciar entre macromagnitudes reais e nominais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida. - A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar. - A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades. - O futuro do estado do benestar. Sostibilidade das pensións. Os fluxos migratorios e as súas implicacións socioeconómicas.

Contidos

- Teorías sobre o decrecemento económico.

UD	Título da UD	Duración
9	Os cartos	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, co aforro, cos produtos financeiros e coa procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Identificar os inconvenientes do troco. Comprender as funcións dos cartos e diferenciar os distintos tipos. Comprender o concepto de sistema financeiro e identificar os seus compoñentes. Comprender o concepto de intermediario financeiro e identificalos.	PE	100
CA1.8 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	Identificar e diferenciar as contas asociadas ós depósitos bancarios.		
CA1.9 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Coñecer os compoñentes do sistema financeiro español. Coñecer as funcións do Banco de España.		
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Saber comentar documentos económicos referidos á actividade financeira.		
CA3.5 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital, analizando as novas tendencias tecnolóxicas que supoñen unha disrupción no sector financeiro, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Coñecer novos activos financeiros e valorar o seu risco.		
CA3.6 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	Comprender os conceptos de mercados de valores e índices bursátiles.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento, da súa evolución e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Identificar distintos tipos de activos financeiros e valoralos como posibles investimentos. Diferenciar entre préstamo e crédito.		
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Comprender os conceptos de base monetaria e oferta monetaria.		
CA4.4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro, da política monetaria e da estabilidade de prezos valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras, como o tipo de xuro, a inflación, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Coñecer as políticas monetarias expansivas e restritivas e as súas repercusións.		
CA4.5 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro e da política monetaria e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Saber explicar os efectos da política monetaria sobre os activos financeiros.		
CA4.6 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Saber desenvolver o proceso de creación dos cartos. Saber calcular o multiplicador dos depósitos bancarios. Saber calcular o desconto bancario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Planificación e xestión das decisións financeiras: o investimento, o aforro e o consumo. Diñeiro e transaccións. Funcións do diñeiro e formas do diñeiro. Risco e beneficio. O papel dos bancos na economía. Funcionamento dos produtos financeiros como préstamos, hipotecas e os seus substitutos. Os seguros. - O sistema financeiro, o seu funcionamento e os seus efectos. Evolución do panorama financeiro. O diñeiro. Tipoloxía do diñeiro e o seu proceso de creación. - A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar.

UD	Título da UD	Duración
10	O sector público e a política económica	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Comprender os conceptos de sector público, estado de benestar e política económica. Recoñecer as características fundamentais do sistema económico mixto.	PE	100
CA4.2 - Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento e os seus efectos no conxunto da sociedade.	Identificar os obxectivos a longo e curto prazo da intervención do Estado na economía.		
CA4.4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro, da política monetaria e da estabilidade de prezos valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras, como o tipo de xuro, a inflación, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Comprender os conceptos de política fiscal e política monetaria. Identificar os instrumentos da política monetaria. Diferenciar entre política monetaria expansiva e restritiva. Identificar os instrumentos da política fiscal e diferenciar entre política fiscal restritiva e expansiva.		
CA4.5 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro e da política monetaria e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Saber explicar os efectos das políticas monetarias e fiscais expansivas e restritivas.		
CA4.6 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Identificar os problemas ós que se enfrenta o estado de benestar e reflexionar sobre as posibles solucións.		
CA5.6 - Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Comprender o concepto de globalización, poñer exemplos e indicar vantaxes e inconvenientes.		
CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Saber comentar documentos referidos á intervención do Estado na economía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos. - A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar. - O futuro do estado do benestar. Sostibilidade das pensións. Os fluxos migratorios e as súas implicacións socioeconómicas. - Os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos.

UD	Título da UD	Duración
11	Os Orzamentos Xerais do Estado	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Comentar documentos referidos ós gastos e ingresos públicos.	PE	100
CA3.8 - Identificar os retos e os desafíos dunha economía global propondo iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Comprender o concepto de ingresos públicos. Identificar os principais ingresos públicos. Coñecer os conceptos tributarios básicos. Diferenciar entre impostos directos e indirectos e poñer exemplos ó respecto. Saber explicar que é o IVA e o IRPF.		
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Describir o proceso de elaboración dos orzamentos. Saber explicar os efectos das situacións orzamentarias.		
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Comprender o concepto de Orzamentos Xerais do Estado e de gasto público. Saber explicar as situacións orzamentarias: equilibrio, déficit e superávit. Identificar as partidas do gasto público.		
CA4.6 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Comprender o concepto de débeda pública e coñecer as fontes de financiación da mesma.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida. - A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada. - A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar.

UD	Título da UD	Duración
12	O comercio internacional	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.9 - Comprender os retos económicos actuais en materia de comercio internacional e procesos de integración económica, analizando de forma crítica e construtiva os efectos económicos-sociais a partir da análise de casos reais e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Comprender os conceptos de comercio internacional e división internacional do traballo. Comprender o concepto de balanza comercial.	PE	100
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Diferenciar entre proteccionismo e liberalismo. Comprender a teoría da vantaxe absoluta e comparativa. Comprender o concepto de arancel. Diferenciar entre barreiras arancelarias e non arancelarias. Identificar os distintos tipos de aranceis.		
CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades.	Comprender o concepto de integración económica e diferenciar os distintos tipos.		
CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Saber describir o proceso de constitución da Unión Europea. Identificar as súas institucións principais e que funcións cumpren. Describir as principais políticas aplicadas e os seus efectos,		
CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Saber calcular os aranceis nas importacións. Saber calcular o tipo de cambio. Saber comentar documentos relativos á economía internacional.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O comercio internacional, os procesos de integración económica e os seus efectos. Proteccionismo e libre comercio. A unión europea e monetaria.

Contidos

- A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades.

UD	Título da UD	Duración
13	A balanza de pagos	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Comprende o concepto de balanza de pagos e identifica os seus compoñentes. Comprende o concepto de divisa. Sabe calcular o tipo de cambio.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- O sistema financeiro, o seu funcionamento e os seus efectos. Evolución do panorama financeiro. O diñeiro. Tipoloxía do diñeiro e o seu proceso de creación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a seguir tratará de promover unha aprendizaxe significativa e favorecer a construción do coñecemento por parte dos alumnos. Para logralo, cada unidade didáctica introdúcese con un esquema dos contidos e unhas actividades iniciais que permiten ver o nivel de coñecementos dos alumnos. Despois explicarase de forma clara e sinxela os contidos, resaltando o que se considera fundamental, e empregaranse actividades de apoio e actividades desenvolvidas que axuden á comprensión dos mesmos. Finalmente poñeranse actividades de ensinanza-aprendizaxe que permitan fixar os contidos esenciais da unidade e detectar o grao de comprensión dos mesmos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto recomendado: Economía de 1º de Bacharelato, editorial Edebé.
Aula Virtual
Artigos de prensa
Material audiovisual

Diccionarios económicos

Bibliografía complementaria

Empregarase como texto o facilitado na páxina

<http://www.econosublime.com/>

<http://www.econosublime.com/p/libro-gratuito-1-bachillerato-economia.html>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Non se realiza unha avaliación inicial posto que hai alumnos que non cursaron na etapa da ESO materias de Economía e polo tanto non contan con coñecementos previos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	3	10	5	15	5	5	2	15	15	5
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	5	100
Proba escrita	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A cualificación de cada avaliación parcial calcularase como media aritmética ponderada das cualificacións obtidas nos exames de cada unidade didáctica (desa nota cóllese o 80 %) máis a nota media obtida nas actividades realizadas polo alumno, tanto en clase como a través da Aula Virtual (desa nota cóllese o 20 %). Non se fará media cando nun dos exames feitos a nota sexa de 1 ou inferior a 1; neste caso a avaliación parcial está suspensa e o alumno terá que facer a recuperación dese exame.

Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, o redondeo será: ó enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5; ó enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores. A cualificación da avaliación ordinaria calcularase como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais sen aplicar o redondeo. Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, o redondeo será: ó enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5; ó enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere algunha avaliación será convocado, ao inicio da seguinte, a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Haberá un único exame de recuperación por cada avaliación. Ademais, abriranse prazos para que poida entregar as tarefas pendentes, ou repetilas, no caso de ser preciso. Enténdese que a avaliación está aprobada cando a nota obtida no exame de recuperación é de 5 ou superior a 5. Aqueles alumnos que teñan aprobada unha avaliación pero desexen subir a nota, poden presentarse ó exame de recuperación daquel examen do que desexen mellorar a cualificación. Teñen que ter en conta que a nota que obteñan nel será a que lles conte para facer a media desa avaliación, é dicir, que poden mellorar ou empeorar a nota que tiñan.

A cualificación da avaliación ordinaria será calculada como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais superadas, sen aplicar o redondeo. Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, aplicarase ó resultado final o redondeo detallado na programación. Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación ordinaria sexa igual ou superior a 5.

Aqueles alumnos que teñan suspensa a avaliación ordinaria terán un exame extraordinario en xuño para superar a materia. A data do mesmo é fixada pola Dirección do Centro. Entre o remate da avaliación ordinaria e este exame, estes alumnos realizarán actividades de apoio e reforzo para preparar esa proba que versará sobre a totalidade dos contidos expostos.

A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita. O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os alumnos de 2º de Bacharelato que teñan a Economía de 1º pendente, serán avaliados segundo o seguinte proceso:

1. Realizarán ó longo do curso os exames de avaliación xunto cos alumnos de primeiro. Figuran tamén como alumnos na Aula Virtual, na que terán que realizar as actividades establecidas para cada tema. Se aproban as tres avaliacións recuperarán a materia.
2. Aqueles alumnos que suspenderan os exames de avaliación, poderán recuperar a materia facendo un único exame a final de curso.

Se optan pola primeira vía: A cualificación obtense facendo media entre a nota obtida nas tres avaliacións. Os redondeos aplícanse segundo o establecido na lei: ó enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5; ó enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5. Para cualificar cada avaliación faise media entre a nota dos exames feitos (cóllese o 90 %) é súmaselle o 10 % da nota media obtida nas actividades feitas (probas realizadas na Aula Virtual).

Se optan pola segunda vía: A cualificación é a nota que obteñan no exame final. Enténdese que está aprobado cando esa nota é 5 ou superior a 5.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade implica axudar tanto ós alumnos máis capacitados como ós que teñen máis dificultades. Para os primeiros estableceranse actividades de profundización nos contidos impartidos (realización de problemas de máis difícil solución, análise e comentario de gráficos e documentos, etc.) e para os segundos, actividades de reforzo naqueles contidos nos que teñan máis dificultades, que nesta materia soen estar na resolución de problemas. No caso de que houbera alumnos con dificultades específicas (auditivos, TDH, etc.) adoptaranse medidas que lles axuden a superalas, como por exemplo deixarlles máis tempo para a realización dos exercicios e exames, establecerlles pautas de organización das tarefas, etc.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X					
ET.6 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A igualdade de xénero		X	X				X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X			
ET.6 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.9 - A igualdade de xénero		X			

Observacións:

Dada a natureza da materia, promoverase especialmente a aprendizaxe dos valores democráticos: a liberdade, a xustiza, a igualdade e a equidade, que permiten o desenvolvemento económico e do benestar xeral dos cidadáns.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conferencia "Preparados para o salto"	Charla de 50 minutos sobre os retos ós que se enfrenta a evolución económica actual, destacando a importancia dos coñecementos financeiros.			
Conferencia "A empresa familiar na aula"	Charla sobre a creación dunha empresa individual. Realízase tamén unha visita a unha empresa.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realízase un seguimento da programación didáctica
Hai coordinación no desenvolvemento da programación
Os criterios de cualificación son axeitados e están formulados claramente
Os contidos son axeitados e desenvólvense de forma organizada
Alcánzanse os obxectivos previstos
Propóñense diferentes instrumentos de avaliación (exames, traballos, exposicións...)
Respectouse a distribución temporal de contidos e actividades
Realízanse explicacións e aténdense as dúbidas
Desenvólvense actividades e tarefas de progresiva dificultade
Realízase programación de aula
Lévase control de asistencia

Prográmase a avaliación inicial
Prográmanse actividades complementarias e extraescolares
Hai coordinación co profesorado titor
Hai coordinación entre o profesorado do departamento
Aténdese a diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado
Hai acordos no departamento en canto á metodoloxía a desenvolver
Infórmase ás familias
Hai correspondencia dos materiais empregados coa programación didáctica
Os recursos son compartidos e elaborados colaborativamente
Integración das TIC e dos medios audiovisuais
Trátanse os temas transversais
Aprovéitanse didacticamente outros espazos do centro (biblioteca, laboratorio, patio...)

Descrición:

Estes indicadores valóranse por niveis de logro: alto, medio ou baixo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao iniciar o curso revisarase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior.

A avaliación da presente programación farase a través do seguimento na aplicación Proens ao final de cada unidade didáctica por parte do/a profesor/profesora que imparta a materia e nas reunións mensuais de departamento.

Nas reunión de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar, ademais, poderán introducirse medidas correctoras se estas se estiman oportunas. Todas as posibles propostas de mellora reflectiranse na Memoria Final para introducir as modificacións necesarias na programación do curso seguinte.

Logo de cada avaliación realizarase unha reunión dos compoñentes do Departamento para comentar a marcha do curso en cada unha das materias. Cada profesor cubrirá o seguinte informe:

CURSO ACADÉMICO:

PROFESOR:

MATERIA: CURSO:

AVALIACIÓN:

Nº DE ALUMNOS:

APROBADOS: SUSPENSOS:

CUMPRIMENTO DA PROGRAMACIÓN:

OBSERVACIÓNS:

PROPOSTAS DE CAMBIO:

9. Outros apartados